

Suxestión dirixida ao Concello de Vedra para que respectando a autonomía local e a capacidade organizativa, valore a conveniencia de implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá, que cun enfoque pedagóxico e pacífico apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática da veciñanza afectada, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, que se perpetúen ditas condutas no tempo e que se reduzan as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa.

Que tendo en conta o manifestado no informe remitido por ese concello, informe á persoa residente na vivenda afectada pola problemática, dos trámites e posibles derivacións das queixas ás institucións que teñan capacidade de actuación.

E recordatorio de deberes legais para que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo conteste expresamente os escritos presentados pola promotora desde expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: C.8.Q/13217/23

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona XXX, referente ao incumprimento da normativa sobre contaminación acústica polo Concello de Vedra e falta de resposta a escritos.

ANTECEDENTES

Primeiro: En data do 14 de xullo do ano 2023 a promotora deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“Asunto: Escrito de Queixa contra o Concello de Vedra por incumprimento de normativa en materia de contaminación acústica.

Que por medio do presente escrito formulo QUEIXA contra o Concello de Vedra, en base aos seguintes

FEITOS

I.- Que en datas 02.08.2020, 23.08.2020 e 02.07.2023, presentei pola Sede Electrónica do Concello de Vedra, RE n.º 202099900000273, n.º 202099900000297 e n.º 202399900000665, respectivamente, sendos escritos de reclamación por contaminación acústica, na que tras expoñer os feitos acaecidos solicitaba que o Concello procedese a tomar as medidas oportunas contra as persoas autoras dos ruídos.

En dúas ocasións, concretamente en data 02.08.2020 e 02.07.2023 procedín a denunciar a situación chamando 112 e ao Posto da Garda Civil do Milladoiro (Ames), personándose na segunda das datas unha patrulla no lugar dos feitos.

Acompáñanse ao presente escrito as reclamacións presentadas ante o Concello de Vedra.

II.- A data de hoxe non teño constancia de que se procedese a tomar ningunha medida ao respecto.

III.- O motivo da presente reclamación é por tanto que o Concello de Vedra tome as medidas oportunas en cumprimento do previsto na lexislación estatal en materia de ruído, concretamente nos artigos 2.2 a), 3 d), 6 e 29.1 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, que regulan como se deben abordar os comportamentos veciñais que impliquen contaminación acústica nos termos previstos na normativa, correspondendo aos concellos a aprobación de ordenanzas en relación a esta materia, co correspondente réxime sancionador.

Así mesmo, no ámbito autonómico, aprobouse o Decreto 106/2015, do 9 de xullo de contaminación acústica de Galicia, que no seu artigo 9.1 prevé a obriga dos Concellos de aprobar unha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal,

no prazo máximo dun ano a contar dende a entrada en vigor do presente decreto, é dicir, en setembro de 2016, atendendo a que o Decreto foi publicado no DOG de data 03.08.2015 comezando a súa vixencia aos 20 días da súa publicación.

Aos efectos de facilitar que os concellos se adaptasen á normativa estatal e autonómica, a Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda publicou no DOG n.º 238, do 14.12.2018 unha Orde pola que se aproba a proposta de ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia.

Por todo o que antecede,

SOLICITO Á VALEDORA DO POBO, que tendo por presentado este escrito e documentación que se acompaña, o admita, teña por formulado ESCRITO DE QUEIXA contra o Concello de Vedra polos motivos expostos, e na súa virtude, acorde:

1º.- Incoar expediente de Queixa.

2º.- Iniciar investigación sumaria e informal dos motivos polos que o Concello de Vedra non procedeu á aprobación e publicación da Ordenanza de contaminación acústica no prazo previsto na normativa autonómica, practicando os correspondentes requirimentos a esta administración local aos efectos do cumprimento da normativa en materia de rúidos”.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Vedra con data do 20 de xullo do 2023 (R.S. 13090/23).

TERCEIRO.- Con data do 2 de xaneiro do ano en curso (R.E.20/24), logo de efectuar os correspondentes requirimentos recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

“Recíbese neste Concello de Vedra oficio remitido pola Valedora do Pobo, expediente XXX, no que da conta do escrito de queixa de dona XXX, de escritos de reclamación presentados neste concello por contaminación acústica e solicitando a adopción de medidas por parte do Concello de Vedra en relación co asunto.

1.- *En primeiro lugar queremos pedir desculpas polo grande retraso en enviar este informe, que non ten mais explicación que a gran carga burocrática que existe nos concellos pequenos con moito traballo e pouco persoal. En calquera caso esta non é unha xustificación e, como correspondente, nas vindeiras ocasións contestaremos en tempo e forma.*

2.- *En relación ao asunto concreto e revisados os expedientes municipais resultan os seguintes antecedentes:*

-Constan os escritos do 02/08/2020 e 23/08/2023 dando conta da celebración de “festas” na parcela con referencia catastral XXX emprazada no lugar de XXX, XXX – XXX neste termo municipal.

-Consta tamén o achegado con data do 02/07/2023 dando conta de unha situación similar acontecida o 01/07/2023.

-Do contido do escritos de queixa achegados queda constancia da posta en coñecemento dos feitos na Garda Civil.

Polo exposto, e á vista do contido dos antecedentes, cómpreme comunicarlle en contestación ao seu requirimento o seguinte:

-O caso que nos ocupa, e sen sacarlle importancia, dáse nunha vivenda particular dentro da esfera privada das relacións veciñais e, como pode comprobarse nos escritos de queixa achegados, son situacións puntuais (dúas no ano 2020 e unha no ano 2023). A nivel de todo o concello e nos últimos dez anos case non tivemos queixas por ruídos entre veciños, sendo situacións moi excepcionais e puntuais.

-Ao tratarse de un concello pequeno non temos medios, nin dispoñemos de Policía Local, polo que é a Garda Civil a que se encarga de vixiar e da cobertura a estas situacións cando ten coñecemento delas, como é o caso que nos ocupa. Normalmente coa chamada á Garda Civil, reforzándose logo coa chamada dende o concello ao veciño denunciado para que se absteña de facer ruído, soe solucionarse o problema.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: a promotora deste expediente quéixase de que :

- En datas 02.08.2020, 23.08.2020 e 02.07.2023, presentara pola Sede Electrónica do Concello de Vedra, RE n.º 202099900000273, n.º 202099900000297 e n.º 202399900000665, respectivamente, varios escritos relativos a problemáticas de contaminación acústica, nos que tras expoñer os feitos acaecidos solicitaba que o Concello procedera a tomar as medidas oportunas en relación coas persoas que os causaban.
- En xullo do 2023, transcorrido un amplo período de tempo dende que se dirixira no ano 2020 por medio de dous escritos a ese Concello de Vedra, ao non recibir resposta, formula queixa ante esta institución da Valedora do Pobo.

Segunda: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.* Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os *“Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”*, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).*

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Terceira: Do relato dos feitos do escrito de queixa rexistrado nesta institución podería deducirse que hai un problema de convivencia entre a veciñanza. A perturbación da

convivencia interveciñal pola xeración de conflitos, neste caso ruídos, van deteriorando as relacións mingando de xeito considerable a calidade de vida das persoas implicadas, e por extensión da propia comunidade.

No informe remitido polo ente local, entre outras consideracións sinálase que : “...o caso que nos ocupa, e sen sacarlle importancia, dáse nunha vivenda particular dentro da esfera privada das relacións veciñais...”

Ante este tipo de situacións e comportamentos, consideraríase axeitado enfocar a súa abordaxe de xeito pacífico e pedagóxico, brindando apoio ás partes implicadas, facilitando a comunicación cara a definir o problema, suavizar posturas, concretar solucións e restaurar dalgún xeito un nivel de convivencia social aceptable. Deste modo, procuraríase evitar a eventual xudicialización do conflito, reducindo a litixiosidade.

Cómpre partir da consideración de que a convivencia na comunidade implica a aceptación e o cumprimento das normas sociais que fan posible o exercicio dos dereitos individuais das persoas, ao tempo que se fan compatibles co exercicio dos dereitos dos demais. A propiedade non pode chegar máis alá do que o respecto á veciñanza determina.

Cuarta: Por elo e coa finalidade de superar as situacións de conflito xurdido, un instrumento que podería incardinar orientación e apoio, auxiliando ás partes a fin de xestionar tanto o aspecto relacional como o asunto obxecto da denuncia sería dotarse dalgún recurso municipal de convivencia cidadá.

A finalidade dun instrumento desta natureza, facilitaría a comunicación entre as persoas interesadas e constituiría unha fórmula sinxela e eficaz onde se ofrecería ás partes un tempo e un espazo para atopar algunha solución que resolva a problemática de xeito que non se perpetúe no tempo.

Quinta: Pola tipoloxía dos asuntos, así como pola proximidade das persoas afectadas, a mediación que se podería propoñer procuraría reducir ao mínimo a burocracia e os trámites que acompañan a este tipo de procesos. Esta liña de intervención tería o propósito de conseguir con axilidade e eficiencia non so unha solución ao problema senón a consecución dun dos piares ou obxectivos fundamentais como é o de educar na convivencia.

Sexta: A “Ley 7/1985, de 2 de abril Reguladora de las Bases de Régimen Local” no seu artigo 25 di: “El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede

promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo.”

Compre invocar así mesmo o *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales*, nomeadamente os artigos 1, 4 e 5.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, no seu artigo 80 prevé: “O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servicios públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.”

Por todo elo, vaise formular unha resolución co obxectivo de que problemáticas como a exposta nesta queixa atopen unha vía de solución.

Todo elo dende a consideración por unha banda, de que a potestade de autoorganización e reglamentaria municipal constitúe un instrumento clave para canalizar as regras de xogo da convivencia cidadá satisfacendo as necesidades e aspiracións das comunidades veciñais e doutra, do respecto desta institución á autonomía municipal para a xestión dos seus intereses, acuñada pola Constitución no seu artigo 137 e pola Carta Europea de Autonomía Local en relación co artigo 140 da CE.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Vedra a seguinte **suxestión**:

“Que respectando a autonomía local e a capacidade organizativa dese ente, valore a conveniencia de implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá, que cun enfoque pedagóxico e pacífico apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática da veciñanza afectada, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, que se perpetúen ditas condutas no tempo e que se reduzan as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa.

Que tendo en conta o manifestado no informe remitido por ese concello, informe á persoa residente na vivenda afectada pola problemática, dos trámites e posibles derivacións das queixas ás institucións que teñan capacidade de actuación.”

e o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello de Vedra debe contestar expresamente os escritos presentados pola promotora deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo